



**Colexio Profesional de
Enxeñaría en Informática
de Galicia**

TIGA@
CPEIG

REVISTA DA ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA

Número 2

3 O CPEIG OPINA. FERNANDO SUÁREZ LORENZO.
PRESIDENTE DO CPEIG

4-5 FRANCISCO GARCÍA MORÁN.
EC'S CHIEF IT ADVISOR. EX-DIRECTOR GENERAL FOR INFORMATICS EUROPEAN COMMISSION

6 RIS3, CARA Á ESPECIALIZACIÓN INTELIXENTE

A RECICLAXE, PUNTO E FINAL DOS RESIDUOS DOS APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS

8-9 JESÚS RODRÍGUEZ CASTRO. AXENDA DIXITAL PARA ESPAÑA
XEFE DO SERVIZO DE INFORMÁTICA DO CONCELLO DE SANTIAGO

10 JOSÉ MANUEL PELÁEZ. BIG DATA: O PODER DA INFORMACIÓN
DIRECTOR DE PREVENDA DE TECNOLOXÍA DE ORACLE IBÉRICA

11 PARA QUE VALE O DÍA DE INTERNET? JUAN JOSÉ GONZÁLEZ CID
SECRETARIO DO CPEIG

12 NOVAS DO SECTOR

13 ARTIGO CESGA GO-GIRLS. MARÍA R. MALMIERCA.
EMPRENDER COAS TIC TAMÉN É COUSA DE RAPAZAS: PROXECTO ICT-GO-GIRLS!

14 O CPEIG NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

15 BENEFICIOS COLEXIAIS
O CPEIG DEFENDE OS TEUS INTERESES

25 de abril

Día da Muller e a tecnoloxía



CONSELLO EDITORIAL

Fernando Suárez, presidente do CPEIG

Juan Otero, vicepresidente do CPEIG

Juan José González, secretario do CPEIG

Francisco Javier Rodríguez Martínez, vogal do CPEIG

Contidos e asesoramento: Guindeira C&E

Maquetación: ográficodeseño

Suxestións e comentarios: revista@cpeig.org

Datos de contacto do CPEIG

Rúa Fernando III O Santo 32 baixo

15701 Santiago de Compostela

Tel: 981 553 355 - Fax: 981 553 997

www.cpeig.org

ISSN 2255-3169



Tecnoloxía ten xénero feminino

Neste segundo número da revista TIG queremos facer unha ampla reflexión sobre a necesidade de potenciar a presenza feminina nun sector, o tecnolóxico, tradicionalmente masculinizado. As cifras da presenza da muller nos estudos das enxeñarías vinculadas ao sector TIC están moi lonxe dos niveis doutras titulacións, polo que temos que acadar o compromiso de mellorar a fundamental participación feminina en todos os niveis da tecnoloxía: como usuarias, como emprendedoras, como xeradoras de innovación e como líderes dun sector que ten a responsabilidade e o compromiso de ir á cabeza da saída da actual crise.

A igualdade de xénero é un dereito humano básico consagrado na Carta das Nacións Unidas. Debemos ser conscientes de que as TIC son ferramentas que poden acelerar o progreso para garantir que esa importante metade feminina da poboación mundial avance cara á igualdade real.

Garantía dunha sociedade igualitaria

Unha sociedade moderna e un sector como o noso non se poden permitir o luxo de prescindir do enorme potencial humano e intelectual que teñen as mulleres na informática, por iso cómpre distinguir a participación e o compromiso feminino a todos os niveis do panorama tecnolóxico galego.

O CPEIG únese a ese enfoque subliñando que a muller debe ocupar un lugar central na Sociedade da Información e do Coñecemento; só así se poderá garantir unha tecnoloxía e unha sociedade verdadeiramente igualitarias. Deste xeito, o colexio decidiu a creación do premio Ada Byron que concedeu na súa primeira edición a Luz Castro e que convocará de novo co gallo da V Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia, que comeza xa a quentar motores.

Esta iniciativa súmase a outras existentes como Google Anita Borg Scholarship ou o Día Internacional “Girls in ICT”, promovido pola ITU, que se celebra o vindeiro 25 de abril, e no que se trata de animar ás rapazas a que inicien as súas carreiras universitarias en estudos vinculados ás Tecnoloxías da Información.

Pero hai outras datas relevantes que poñen de manifesto a crecente importancia social e económica que está a acadar a informática no noso contorno. O vindeiro 17 de maio, coincidindo co día das Letras Galegas, celébrase o Día Mundial da Sociedade da Información, denominando Día de Internet a esa data. Tal e como recolle o documento de conclusións do Cumio Mundial da Sociedade da Información celebrada en 2005 en Túnez “É necesario contribuír a que se coñeza mellor Internet para que se converta nun recurso mundial verdadeiramente accesible ao público”. O obxectivo final é dar a coñecer a importancia que ten Internet e as posibilidades que pode ofrecer o uso das Tecnoloxías da Información ás sociedades e economías, impulsando e favorecendo o acceso á Sociedade da Información dos non conectados e dos discapacitados, e reducindo a fenda dixital.

A estas datas únense o Día Europeo da Protección de Datos (24 de xaneiro) ou o Día Internacional do Open Data (23 de febreiro), nos que o CPEIG tivo un protagonismo subliñable. Desde hai anos estamos a traballar a prol dunha cidadanía consciente dos riscos e das oportunidades que ofrece Internet, colaborando coas autoridades públicas na mellora das garantías da privacidade no uso da Rede, con especial énfase nos menores. Froito deste esforzo vimos desenvolvendo o Plan Navega con Rumbo polo Ciberespazo, a través do cal os centros educativos teñen a posibilidade de formar aos alumnos, pais e titores nun uso seguro das ferramentas tecnolóxicas existentes. O fin último sería incorporar aos plans de estudo a aprendizaxe sobre o control dos datos persoais dos nenos e nenas na Rede.

En canto ao Open Data, esta iniciativa pretende establecer unha nova estratexia de relación entre os cidadáns e o sector público en todas as súas dimensións, mellorando a transparencia, o fomento da participación e a colaboración. Esta nova mentalidade permite tratar á cidadanía como protagonistas no lugar de como consumidores pasivos en temas tan básicos como a educación, sanidade ou seguridade social. Adicionalmente, xorde un novo sector, o infomediario, formado por aquel conxunto de empresas que xeran aplicacións, produtos e/ou servizos de valor engadido destinados a terceiros, a partir da información do Sector Público, cun alto volume de negocio e creación de postos de traballo.



A Informática nas institucións europeas

Convén aclarar que a informática como tal non figura entre as competencias directas da UE pero está cada vez máis presente, dun xeito ou outro, como soporte para unha correcta implantación das políticas e os programas europeos. En efecto, é difícil encontrar hoxe en día unha directiva ou un regulamento que non teña un compoñente informático que pode tomar diversas formas: un sitio web, un sistema de información ao que deben acceder os estados membros e as institucións ou unha plataforma de intercambio de información entre os estados membros.

Un exame detallado das políticas europeas, que se presentan na figura 1, indícanos que, en xeral, os temas relacionados coa informática teñen como base legal: o mercado interior, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e as redes transeuropeas. A estas engádesse a necesaria cooperación administrativa entre as administracións públicas da UE.

Como calquera organización moderna, as institucións da

Unión Europea necesitan das TIC para o seu funcionamento diario e así poder realizar os seus procesos políticos e administrativos de xeito eficaz e eficiente.

No que se refire á organización da informática nas institucións europeas, cada institución ten o seu propio departamento, cuxo tamaño e funcións dependen da misión e a talla da organización.

Porén, existe unha coordinación das políticas e a informática nas institucións e esta lévese a cabo a través do Comité Interinstitucional de Informática (CII), presidido actualmente pola Comisión e cuxa misión é:

- Intercambio de información en materia das TIC ao máis alto nivel.
- Identificar, promover e facer o seguimento de sinerxías no ámbito das TIC, incluíndo a prestación de servizos compartidos.
- Asegurar a consistencia das plataformas TIC.

EU Policies (Lisbon Treaty)



Este Comité toma as súas decisións sobre a base de grupos de traballo técnicos que tratan distintos temas: contratación de bens e servizos, telecomunicacións, burótica, multilingüismo e ferramentas de colaboración, seguridade informática, sistemas de información e cloud computing.

O presidente do CII presenta o informe anual dos traballos realizados ao Colexio de Xefes de Administración.

No que se refire á Comisión Europea, a Dirección Xeral de Informática (DIGIT) ocúpase da estratexia e dos servizos corporativos e xestiona tanto o programa interno de eGovernment, que se denomina a eCommission, como o programa europeo ISA (Interoperability Solutions for Public Administrations). Pola súa parte, cada Dirección Xeral ten a súa propia unidade de informática cuxa misión principal é xestionar a infraestrutura local, facer o soporte de proximidade aos seus usuarios e desenvolver aqueles sistemas de información necesarios para o soporte das políticas e programas europeos da súa competencia. De forma voluntaria, as direccións xerais poden transferir estas funcións á Dirección Xeral de Informática cedéndolle os recursos necesarios para facelo.

A Gobernanza informática

A gobernanza informática está formalizada desde o 2004, data na que o Colexio de Comisarios decidiu as estruturas, métodos e procesos necesarios para asegurar un aliñamento das prioridades da institución e as prioridades da informática en todos os seus aspectos: infraestruturas, servizos e sistemas de información. No ano 2010, o Colexio de Comisarios aprobou unha revisión da gobernanza informática co obxectivo de unificar estratexias, reforzar a coordinación e racionalizar os sistemas de información co obxectivo de evitar duplicacións e producir aforros significativos no funcionamento das TIC mantendo, ou se fose posible mellorando, o nivel do servizo prestado aos usuarios.

Un dos primeiros resultados da racionalización é a consolidación de toda a infraestrutura de burótica e o soporte de todos os usuarios da Comisión, que pasan a ser xestionados por DIGIT. Está previsto que este proceso finalice o 2013 con aforros substanciais no custo da infraestrutura (equipos e a súa xestión diaria) e o soporte (menor número de persoas de soporte por 1.000 usuarios).

No que se refire ao portafolios de sistemas de información, agrupáronse os 1650 existentes en 17 dominios e para cada un deles nomeouse un responsable que debe encargarse de identificar aqueles sistemas que hai que reutilizar, aqueles que deben integrarse cos identificados no grupo anterior e aqueles que deben desaparecer a curto ou medio prazo e para os cales só se fará un mantemento mínimo.

Mencionouse antes que a gobernanza en materia das TIC ten como obxectivo o aliñamento e as prioridades en materia de TIC e os obxectivos e prioridades da institución. No caso da Comisión Europea, o marco de referencia é a Axenda Dixital para Europa.

En efecto, dentro da estratexia Europa 2020, a Unión Europea aprobou en maio de 2010 a Axenda Dixital para Europa, que bus-

ca situar os intereses dos cidadáns e as empresas europeos entre as prioridades da revolución dixital e, desta maneira, maximizar o potencial das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) para incrementar a creación de emprego, a sustentabilidade e a inclusión social.

Sete campos de actuación

A Axenda fixa sete campos de actuación prioritarios: creación dun mercado único dixital, mellora da interoperabilidade, incremento da confianza en Internet e da seguridade en liña, forte aceleración do acceso a Internet, aumento do investimento en investigación e desenvolvemento, fomento da alfabetización e a capacitación dixitais e da inclusión, e aplicación das tecnoloxías da información e as comunicacións aos retos que afronta actualmente a sociedade, como o cambio climático ou o avellentamento da poboación.

A Axenda contén 101 accións, moitas delas lexislativas, e sería moi prolixo explicalas en detalle. As accións deben levarlas a cabo tanto a Comisión como os estados membros. A título de exemplo só apuntarei tres das máis recentes.

Finanzamento de proxectos transfronteirizos

A primeira é o novo Instrumento de Interconexión para Europa (Connecting Europe Facility o CEF), proposto pola Comisión dentro do Marco Financeiro Plurianual para 2014-2020, co que financiar proxectos transfronteirizos no ámbito da enerxía, o transporte e as tecnoloxías da información e da comunicación, ao obxecto de consolidar a columna vertebral do mercado interior. Polo que se refire aos servizos dixitais, os fondos usaranse para subvencións destinadas a construír infraestruturas necesarias para implantar a identificación electrónica, a contratación pública electrónica, os rexistros sanitarios electrónicos, Europeana, a xustiza en liña e os servizos aduaneiros. Os fondos servirán para garantir a interoperabilidade e facer fronte aos custos de despregue e sustentabilidade das infraestruturas a escala europea, entrelazando as infraestruturas dos Estados membros.

Cloud computing

A segunda é a estratexia de “cloud computing”. A Comisión Europea adoptou a nova estratexia para «Ceibar o potencial da computación en nube en Europa», que propón medidas que poderían xerar ata 2,5 millóns de novos postos de traballo en Europa, así como un incremento anual do PIB na Unión igual a 160.000 millóns de euros (en torno a un 1 %) de aquí a 2020. A estratexia está concibida para acelerar e aumentar o uso do “cloud computing” en toda a economía europea.

E por último, no ámbito interno, adoptamos o 1 de agosto a nova estratexia TIC da Comisión Europea, chamada e-Commission 2012-2015. A Comisión predicará co exemplo na prestación eficiente, eficaz e transparente de servizos dixitais e solucións de TI para apoiar as políticas da UE, poñendo ao usuario no centro dos mesmos.

RIS3, cara á especialización intelixente

O CPEIG participa, convidado pola Axencia de Innovación de Galicia, nun dos sete grupos de traballo que están a realizar un exercicio de reflexión estratéxica sobre as ideas clave e singularidades de Galicia

O pasado 26 de febreiro tivo lugar a presentación da Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) por parte do conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde, e o director xeral da Axencia de Innovación de Galicia, Manuel Varela.

Co acrónimo **S3** ou **RIS3** coñécese as **Smart Specialisation Strategies** (Estratexias de Especialización Intelixentes) ou **Research and Innovation Strategies** (*Estratexias de Investigación e Innovación*).

O concepto da Especialización Intelixente refírese á necesidade de concentrar, dun xeito eficiente, os recursos dispoñibles para a xeración e explotación de coñecemento, ao servizo dun número concreto de prioridades ligadas ás fortalezas e vantaxes competitivas das rexións europeas. Procúrase provocar unha orientación do tecido produtivo cara a unha senda de desenvolvemento económico baseada na innovación e o coñecemento.

A Especialización Intelixente considérase dende a OCDE e a Unión Europea como un modelo de políticas de innovación que posibilitará un impacto eficiente dos esforzos en materia de desenvolvemento. Ese modelo estase a levar a cabo desde as rexións europeas co apoio dos fondos estruturais, de tal xeito que, nas orientacións da Política de Cohesión que será de aplicación du-

rante o período orzamentario 2014-2020, establécese a obrigatoriedade de que as rexións beneficiarias do FEDER e mais do FEADER dispoñan dunha Estratexia RIS3 coma condición previa para poder dedicar recursos dos devanditos fondos aos capítulos relacionados con actividades de Investigación e Innovación.

O proceso de selección de prioridades asociado á creación dunha Estratexia Rexional coas características da Especialización Intelixente, lonxe de resultar un proceso orientado a propiciar unha selección de sectores económicos “gañadores”, trata de ser un medio para concentrar o esforzo da xeración de coñecemento orientado ao mercado, e competitivo internacionalmente. Trátase de orientar o conxunto de todos os sectores económicos presentes na rexión, mesmo propiciando a aparición de novos sectores, e facilitando o florecemento e consolidación das novas actividades de descubrimento emprendedor existentes no tecido produtivo rexional.

O grupo 6

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) participa nun dos 7 grupos de traballo que están a realizar un exercicio de reflexión estratéxica sobre as ideas clave e singularidades de Galicia no eido da innovación. En concreto, trátase

do grupo 6 -dedicado ás TIC cun enfoque como actividade transversal- no que, xunto co papel de interlocutor, temos entre outras tarefas as de apoiar no proceso de descubrimento emprendedor proponendo prioridades en base ás vantaxes competitivas a nivel internacional.

Desde o colexio continuaremos a colaborar coa Axencia Galega de Innovación no seu labor de acadar a “Especialización Intelixente” da nosa rexión, cuxos obxectivos se centran en potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación en áreas prioritarias. Desexamos o maior dos éxitos nunha tarefa crucial que se converterá na base dos próximos programas de investimentos europeos en Galicia.



Proceso de construción dunha Estratexia Rexional de Innovación baseada no concepto de RIS3

A reciclaxe, punto e final dos residuos dos aparellos eléctricos e electrónicos

OfiRaee naceu no ano 2012 a prol da loxística para a xestión dos RAEE

As innovacións tecnolóxicas, o desexo de beneficiarse de novas prestacións e as esixencias da concorrència provocan o aumento do consumo de aparellos eléctricos e electrónicos na sociedade actual. A consecuencia é unha crecente xeración de Residuos de Aparato Eléctrico ou Electrónico (RAEE) que, se non son tratados axeitadamente, poderían supor un risco para a contorna e a saúde das persoas.

Considérase aparello eléctrico o electrónico a calquera aparato que funciona mediante pilas, baterías ou conectado á rede eléctrica. Cando un aparato de estas características deixa de ser útil convértese nun residuo que identificamos como RAEE.

Os aparatos eléctricos ou electrónicos comercializados a partir do 13 de agosto de 2005 teñen que estar marcados co estandarte europeo. En España esta marcaxe está regulada pola norma UNE-EN 50419:2005. A icona correspondente indícalles aos consumidores que o aparato, cando deveña residuo, terá que ser recollido de xeito selectivo a través das canles de recollida específicas, para que sexan introducidos nos circuitos de reciclaxe.

Precisamente para favorecer esa recolla selectiva, nace **OfiRaee** no ano 2012. Trátase da Plataforma Informática de Coordinación Loxística para a Xestión dos Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos procedentes dos puntos limpos municipais. É, polo tanto, o punto de encontro e coordinación de todos os principais axentes que participan na reciclaxe: os Sistemas Integrados de Xestión (SIX) autorizados, os entes locais e os puntos limpos. Deste xeito, optimízanse recursos, homoxeneízase a información, facilítaselle a facturación dos entes locais aos SIX e resólvense con maior eficacia as posibles incidencias.

Xestión automatizada e trazabilidade

En canto aos obxectivos de **OfiRaee**, destacan os seguintes: automatizar a xestión e a recolla dos RAEE procedentes dos puntos limpos municipais; lograr un uso eficaz e eficiente dos recursos de carga e transporte dos SIX adheridos; homoxeneizar a información e os criterios de trazabilidade dos RAEE procedentes dos puntos limpos municipais; ademais de obter e xerar información agregada, fiable e unificada sobre a cantidade de RAEE recollidos e xestionados desde os puntos limpos municipais nos ámbitos locais, autonómicos e estatais.

OfiRaee funciona mediante unha ferramenta informática propia accesible desde a web corporativa. Opcionalmente, tamén se poden realizar xestións a través do **call center** propio: 902 003 958.

Dun xeito sinxelo, o esquema de funcionamento - que permite un seguimento preciso da trazabilidade dos residuos - é o seguinte:

1. O punto limpo envía a solicitude de recolla de RAWW.
2. **OfiRaee** tramita a solicitude automaticamente, procesaa e asignalla a un dos SIX autorizados.
3. O SIX xestiona a retirada dos RAEE mediante transportistas autorizados.
4. Os RAEE son trasladados á planta de tratamento autorizada, onde serán procesados para a súa descontaminación e reciclaxe.
5. **OfiRaee** emite facturas dos entes locais aos SIX.

Convenio marco en Galicia

O 9 de marzo de 2009 asinouse o convenio marco entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia e as entidades xestoras de Sistemas Integrados de Xestión (SIX) de Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos autorizadas na Comunidade galega.

O obxecto do convenio marco é regular a actividade dos SIX e determinar as responsabilidades da consellería e os entes locais para garantir o cumprimento das normativas legais que afectan aos RAEE en Galicia.

Reciclar é unha responsabilidade e unha obriga

Son diversos os motivos que levan a OfiRaee a promover a reciclaxe pero todos eles converxen na vontade de preservar o medio e o compromiso coas xeracións futuras. Por iso, é imprescindible reducir o consumo de recursos naturais, auga e enerxía, e acadar ciclos pechados para as materias primas que xa están o mercado.

Reciclar é tamén unha obriga. Así o establece o Real Decreto 208/2005 relativo aos aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos, máis coñecido como Real Decreto RAEE. Esta norma afecta aos produtores e é a transposición da Directiva 2002/96/CD do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xaneiro de 2003, que ten como obxectivo controlar a xeración de residuos deste tipo de aparatos e garantir a súa correcta xestión ambiental cando finaliza a súa vida útil.

Axenda dixital para España

O 15 de febreiro de 2013 o Consello de Ministros aprobou a **Axenda Dixital para España** como a estratexia do Goberno para desenvolver a economía e a sociedade dixital en España durante o período 2013-2015.

O documento anúnciase coma un marco de referencia para establecer unha folla de ruta en materia de Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns (TIC) e de Administración Electrónica; acadar os obxectivos da Axenda Dixital para Europa en 2015 e 2020; mellorar a produtividade e competitividade a través das políticas públicas; e transformar e modernizar a sociedade española mediante o uso das TIC por parte da cidadanía, empresas e administracións.

O Goberno entende esta Axenda como unha ferramenta para a recuperación económica do país a través da creación de oportunidades de emprego e crecemento económico mediante a adopción intelixente das tecnoloxías dixitais.

Seis grandes obxectivos

A **Axenda Dixital para España** está estruturada en torno a **seis grandes obxectivos**:

1. Fomentar o despregamento de redes ultrarrápidas e servizos para garantir a conectividade dixital. Destaca neste aspecto o desenvolvemento dunha nova Lei Xeral de Telecomunicacións ou a reorganización do espectro radioeléctrico adiantando a asignación do dividendo dixital. Persegue tamén a coordinación para facilitar e aforrar costes na implantación de infraestruturas de telecomunicacións.

2. Desenvolver a economía dixital para o crecemento, a competitividade e a internacionalización da empresa española. No ámbito da empresa dá por superada a fase de dotación de equipamento e aposta por maximizar o uso de tecnoloxías innovadoras como a banda larga ultrarrápida ou o **cloud computing**. Ademais, pretende dar un impulso ao comercio electrónico e á produción e distribución de contidos dixitais. Tamén busca potenciar a industria electrónica e contrarrestar así o actual proceso de perda de capacidade industrial. Por último, pretende impulsar a detección e participación temperá de oportunidades industriais TIC, mencionado explicitamente sectores de futuro coma o **cloud computing**, a Internet das cousas, as **green TIC**, as **smart cities**, o **big data**, ou o desenvolvemento de aplicacións do ecosistema móbil. En todo este proceso asúmese a capacidade tractora da Administración Pública e a necesidade de apostar por proxectos tecnolóxicos públicos.

3. Mellorar a administración electrónica e os servizos públicos dixitais. Busca crear servizos públicos de calidade reducindo as cargas administrativas, orientándoos ao cidadán, fomentando a transparencia e a reutilización da información do sector público, e implantando o Esquema Nacional de Seguridade. Ao mesmo

tempo pretende impulsar a súa utilización, no convencemento de que o nivel de uso non se corresponde coa oferta xa existente. A este respecto, a colaboración entre Administracións para facer chegar estes servizos a todo o territorio, xunto coa aposta pola usabilidade e a accesibilidade, contéplase coma un importante elemento contra a fenda dixital. Todo isto pretende facerse dentro dun marco de racionalización e optimización do emprego das TIC, avanzando na administración “sen papeis”, establecendo modelos de compartición de infraestruturas mediante o uso do **cloud computing** e estándares de interoperabilidade e seguridade, e aplicando políticas globais de compras. Fai especial mención á extensión da factura electrónica e a contratación electrónica á totalidade das relacións cos provedores.

4. Reforzar a confianza no ámbito dixital para fomentar o desenvolvemento da actividade comercial, social e de relacións entre a cidadanía a través de Internet. Pretende impulsar o mercado de servizos de confianza, entre os que se inclúen a identificación e sinatura electrónica, a custodia documental electrónica, o pago seguro, a contratación electrónica, a obtención e custodia de evidencias electrónicas, e a xestión da privacidade. INTECO consolidárase neste sentido como un centro de excelencia en confianza dixital. Tamén se contempla o desenvolvemento de programas de sensibilización, concienciación, educación e formación, incorporando ademais estes aspectos aos itinerarios do sistema educativo. Fai unha especial mención á creación do marco adecuado de confianza para o desenvolvemento do comercio electrónico.

5. Impulsar a I+D+i nas TIC para un crecemento sostible, mellorando os investimentos públicos e o fomento do investimento privado. Preténdese focalizar os investimentos de I+D+i nas áreas que xeren



Jesús Rodríguez Castro

Xefe do Servizo de Informática do
Concello de Santiago de Compostela

maior riqueza e fomentar o investimento privado mediante a propia capacidade de compra da Administración Pública, o apoio na colaboración público-privada, a inversión conxunta, mecanismos de capital risco, e outros modelos como o [crowdsourcing](#) e o [crowdfunding](#). Neste aspecto, propónse facilitar o acceso a fondos públicos para I+D+i por parte da PYME e micropyme, que supoñen o 95% da economía española.

6. Apoiar a inclusión dixital e a formación de novos profesionais TIC. Con respecto á inclusión dixital búscase diminuír ata un 15% a porcentaxe de poboación que nunca teña usado Internet, e elevar a de poboación que a usa regularmente. Céntrase na concienciación, a formación e a elaboración de plans específicos para a accesibilidade, a alfabetización dixital, a igualdade entre homes e mulleres, e o impulso da participación da sociedade civil na inclusión dixital.

No segundo apartado búscase a xeración de oportunidades de emprego de calidade, a modernización do tecido produtivo, o uso intensivo das TIC na empresa e o desenvolvemento da industria TIC. Para iso considérase un factor esencial a capacitación TIC da cidadanía e da poboación ocupada. En primeiro lugar, prevé a actualización do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e a adaptación da formación continua e para o emprego. En segundo lugar, a adaptación dos sistemas formativos de formación profesional e universitaria á crecente aparición de novos perfís e profesións TIC. En particular menciónase a colaboración coa empresa, o impulso de perfís profesionais polivalentes incluíndo coñecementos de xestión, emprendemento e idiomas, ou favorecer os plans conxuntos de formación relacionados coas TIC.

Nove plans transversais

Estes obxectivos dan lugar a 106 liñas de actuación cuxa execución se articula a través de **9 plans específicos transversais** que incorporan ata 32 indicadores clave para o seu seguimento (dez deles derivados da Axenda Dixital para Europa e vinte dous específicos para o desenvolvemento da economía e a sociedade dixital en España) e que se porán en marcha durante a primeira metade de 2013:

1. Plan de telecomunicacións e redes ultrarrápidas: Céntrase en incrementar a cobertura de redes ultrarrápidas e conseguir, entre outros indicadores, un 50% de poboación con máis de 100Mbps.

2. Plan de TIC en PEME e comercio electrónico: Céntrase no fomento da factura electrónica, empresas con solucións software e micropáxinas web, fomento das compras en liña nacionais e transfronteirizas pola cidadanía, e compra e venda en liña por parte das PEME.

3. Plan integral para a industria de contidos dixitais: Céntrase nun crecemento do 20% do sector de contidos dixitais e do sector infomediario.

4. Plan de internacionalización de empresas tecnolóxicas: Busca incrementar nun 30% as exportacións no sector TIC e incrementar nun 15% a representación das empresas noutros países.

5. Plan de Acción de Administración Electrónica da Administración Xeral do Estado: Céntrase en incrementar o número de usuarios que usan servizos de administración electrónica ata chegar ao 50% da poboación e que polo menos a metade fagan uso de servizos avanzados.

6. Plan de servizos públicos dixitais: Fai fincapé nas áreas de Xustiza, onde destaca o desenvolvemento do novo Sistema de Xestión Procesal e o expediente xudicial electrónico; Sanidade, onde destaca a extensión da receita electrónica a todas as comunidades autónomas e a historia clínica a través de Internet; e Educación, onde se pretende dotar de banda ancha ao 50% dos centros educativos e desenvolver proxectos como plataformas dixitais e recursos didácticos, contornos virtuais de aprendizaxe, estándares de interoperabilidade, etc.

7. Plan de confianza no ámbito dixital: Céntrase en incrementar o uso de sistemas de seguridade e o número de empresas que usan sinatura dixital nas súas comunicacións e que dispoñen de declaracións de política de intimidade ou certificacións de seguridade relacionada cos seus sitios web.



8. Plan de desenvolvemento e innovación do sector TIC: Céntrase por unha banda na formación a todos os niveis, incluíndo a capacitación e a adquisición das habilidades TIC na formación para o emprego e a formación continua, e adaptando a oferta formativa ás novas demandas do mercado no caso da formación profesional e universitaria.

9. Plan de inclusión dixital: Céntrase en incrementar o número de persoas que usan Internet de xeito regular, facendo especial fincapé nos colectivos desfavorecidos. Tamén pretende dar un impulso específico ao acceso a Internet desde dispositivos móbiles mediante 3G e banda larga.

En todos os ámbitos a Axenda reflicte a necesidade de unificar esforzos, crear un marco legislativo único para todo o territorio e explorar novas fórmulas como a colaboración público-privada para poder dar o impulso necesario e superar as limitacións da conxuntura económica actual.

O sector TIC pode extraer da súa redacción non só unha orientación sobre posibles proxectos senón tamén a aposta por tendencias tecnolóxicas concretas, como o uso de sistemas na nube, a interoperabilidade, a accesibilidade ou a reusabilidade.

O alcance do documento é polo tanto moi amplo, e faise indispensable para os profesionais do sector TIC seguir a súa evolución.

BIG DATA: O poder da información

A orixe do fenómeno **Big Data** xorde a raíz dun crecemento exponencial nos datos, só como exemplo: cada dez minutos xéranse 5.000 millóns de xigabytes en todo o mundo. Cada segundo, só-bese a Youtube unha nova hora de vídeo. Cada día, envíanse no mundo 294.000 millóns de **emails**.

As previsións apuntan a que o volume de datos en 20 anos medrará un 1.845 % respecto a 2012 (o que supón chegar aos 35 millóns de petabytes!). Con toda esta información, o panorama cambiou radicalmente, xa no son só as persoas as que xeran información, senón tamén os dispositivos móbiles cada vez que se conectan á Rede. Isto dá lugar a unha cantidade enorme de información heteroxénea provinte de redes sociais, teléfonos móbiles (máis de 5.000 millóns en todo o mundo), os sistemas de telemedición, as transaccións **online**, o correo electrónico...

O gran desafío para as empresas é a análise de todos eses datos, que nun 80% son información non estruturada, o que engade complexidade ao seu uso e explotación nos contornos empresariais. Aí está o valor diferencial, só aquelas compañías que consigan extraer o valor a toda esa información obterán un maior coñecemento estratéxico para o seu negocio.

Agora é esencial que os directivos teñan un coñecemento real do valor dos datos e saiban como son extraídos e analizados. Tamén é vital rachar os silos departamentais e ver que din os datos no seu conxunto. Recursos Humanos non ten por que revisar as tendencias en vendas nin Finanzas analizar o tráfico web. Pero todas estas pezas súmanse para ofrecer unha completa imaxe do negocio.

Afortunadamente, a capacidade de computación tamén medrou de forma exponencial pero, para extraer o máximo valor destes enormes volumes, as ferramentas tradicionais orientadas aos datos estruturados, creados e almacenados polas propias organizacións (información de clientes nos sistemas CRM, datos de operacións nos ERPs ou datos financeiros das bases de datos de contabilidade), xa no son suficientes, senón que deben complementarse con ferramentas de análise avanzadas e orientadas ao tempo real. A explotación eficaz dos **Big Data** ofrécelles ás empresas posibilidades tan interesantes como a análise de “sentimentos” dos usuarios de redes sociais respecto ás marcas ou produtos concretos, a modelización do risco en compañías do sector financeiro, a detección da fraude ou a análise das taxas de abandono de clientes.

Aínda que o **Big Data** é unha tendencia aplicable a todos os sectores, diante da adopción de novas tendencias as empresas adoitan dividirse en **early adopters**, aquelas que se lanzan a probala –aínda que só sexa en fase piloto– e os atrasados que están á espera dos resultados das empresas pioneiras.



José Manuel Peláez
Director de Prevenda de
Tecnoloxía de Oracle Ibérica

En España sectores como a banca e as telecomunicacións son os que primeiro apostaron por esta tecnoloxía para incrementar a eficiencia e a produtividade en procesos críticos do seu negocio. Porén, o **Big Data** ofrece utilidades interesantes a todos os sectores coma o retail, loxístico ou a Administración pública. Achámonos nun dos países líderes no uso das redes sociais, unha das principais fontes das que se nutre **Big Data**. Facebook celebrou recentemente os 1.000 millóns de usuarios en todo o mundo e, no noso país, a rede social supera os 16 millóns de perfís rexistrados. Particularmente relevante é o caso de Twitter: España, con once millóns de contas, é o segundo país europeo máis activo nesta rede e figura entre os nove países de todo o mundo con máis **tuiteiros**.

Cada dez minutos xéranse 5.000 millóns de xigabytes en todo o mundo

En poucos anos todos os mozos que ven as redes sociais como algo cotián nas súas vidas serán os futuros directivos con poder de decisión nas empresas de mañá. Estes nativos dixitais que naceron na era de Internet traerán un cambio de mentalidade ao mundo empresarial xa que facilitarán a adopción da filosofía **Big Data**. Para eles, será moito máis fácil entender a importancia dos datos non estruturados para a toma de decisións baseadas en información externa como as redes sociais, os clientes, a competencia e mesmo os provedores, para achegar unha vantaxe competitiva no mercado.

Big Data traerá por tanto un cambio na visión do negocio. O valor diferencial das novas tecnoloxías orientadas á análise e explotación dos **Big Data** é a capacidade para facer predicións e poder así tomar decisións en tempo real. Deste xeito, ás 3Vs tradicionais dos **Big Data** (velocidade, volume, variedade) engadiríamoslles a cuarta e máis importante: o valor dos datos.

Para que vale o Día de Internet?

O 17 de maio é a oportunidade perfecta para que a cidadanía reivindique o seu dereito a unha Internet libre

O 17 de maio celébrase o Día de Internet. Nese día deberíase reflexionar sobre o que implicou, implica e implicará Internet no avance e progreso da nosa sociedade e que deu un xiro radical á forma en que se comunican os cidadáns, as empresas e as administracións públicas entre si.

Así, Internet permite achegar as Administracións públicas ao cidadán a través de todos os servizos despregados ao redor da administración electrónica; tamén permite que as administracións públicas fagan OpenData, é dicir, que poñan os datos que obran no seu poder a disposición dos cidadáns e empresas, de tal forma que poidan ser reutilizados e xerar novos servizos a partir deles.

Ademais, Internet permítelles ás empresas crear novos servizos innovadores e con iso xerar un tecido empresarial forte e asentado.

Outro aspecto que permite Internet é a interconexión de diversos obxectos para que se poidan comunicar entre si ou coas persoas, o que se denomina “Internet das cousas” e que implica a mellora directa da calidade de vida.

E o máis importante, Internet permite aos cidadáns uns niveis de liberdade e democratización amplos, un acceso a información e servizos independentes da localización, novos hábitos de lecer, e unha infinidade de aplicabilidades que pretenden mellorar o benestar.

A pesar de todo este caudal de progreso que está a chamar á nosa porta, non se debe obviar que Internet se pode ver ameazada por sectores opostos á chamada “neutralidade da rede”, que é o principio que garante o acceso a calquera contido, aplicación ou servizo en Internet sen importar a orixe, contido ou destino. Tal como mencionaba Vinton Cerf, un dos pais de Internet, “cada bit de información ten que ter o mesmo trato”.

Ao abeiro deste principio, non se poderían filtrar, bloquear ou beneficiar o acceso a uns servizos por encima doutros tanto por parte das operadoras como por parte dos gobernos.

É xusto recoñecer que as operadoras realizaron un esforzo investidor importante no incremento da capacidade das redes de comunicación terrestres, con todo víronse superadas nas redes móbiles onde as capacidades de transporte poden non ser as idóneas ou as que a sociedade está e estará a demandar nos próximos anos.

Iso débese, probablemente, ao feito de que non se soubo predicir o boom de smartphones e tablets os servizos que se



Juan José González Cid, secretario do CPEIG

construíron sobre estes dispositivos; servizos que por unha banda necesitan cada vez máis requisitos de ancho de banda e que doutra banda fixeron diminuír parte dos beneficios das operadoras.

É precisamente esta necesidade de utilización de recursos por parte desta nova industria emerxente de servizos, a escusa á que se poderían aferrar tanto gobernos como operadoras para tentar controlar o tráfico co fin de asegurar unha calidade desexable nas comunicacións e facer viable os importantes investimentos que garantirán Internet.

Internet pódese ver ameazada por sectores opostos á chamada “neutralidade da rede”

Este control de tráfico pode favorecer que se ofrezca a un servizo unha calidade de tráfico razoable a cambio de parte dos beneficios que estes xeran. Ou peor aínda, que degraden un servizo até facelo desaparecer literalmente.

Por todo isto, o 17 de maio é a oportunidade perfecta para que a cidadanía reivindique o seu dereito a unha Internet libre, xeradora de novos retos e oportunidades empresariais, de novos servizos, etc., facendo ver aos gobernos e ás operadoras que o apoio de cheo á neutralidade da rede e a mellora das infraestruturas é crucial para seguir mellorando e avanzando.

PLEXUS ENTRA NO MERCADO INTERNACIONAL COA APERTURA DE OFICINAS EN LONDRES E MÉXICO

Dende os seus inicios Plexus creou preto de 300 postos de traballo directos dos que unha alta porcentaxe son enxeñeiras e enxeñeiros informáticos colexiados procedentes das universidades galegas.



Antonio Agrasar. Conselleiro delegado de Plexus

A compañía tecnolóxica **Plexus** vén de abrir oficina nos últimos meses en Londres e México, comezando así o seu proceso de internacionalización. A nova oficina da capital británica centrará as súas operacións nos ámbitos tecnolóxicos e educativo e sanitario, dous dos sectores nos que Plexus especializou as súas vendas durante os últimos anos. A oficina posta en funcionamento en México supón o establecemento dunha base de operacións estable dende a que a empresa atenderá ao mercado mexicano e accederá a outros mercados en países da zona, coma Panamá e Costa Rica.

En opinión do conselleiro delegado da compañía, Antonio Agrasar, “a internacionalización da empresa supón, ao abrir mercados para os nosos servizos e produtos, un garante de mantemento e incremento tanto do número coma da calidade dos postos de traballo que creamos en Galicia e no resto de España”.

Cabe salientar entre outros logros internacionais conseguidos ata o momento, que **Plexus** realizou o ano pasado as primeiras vendas en Panamá e xa se encontra en negociacións para pechar outros acordos en países coma Colombia, Perú, Brasil, e Uruguai, ademais doutras iniciativas en países europeos como son Portugal, Italia, Francia e Reino Unido. Dentro do desafío internacional da compañía, tamén se encontra a prospección de mercados en Marrocos.

Sobre a compañía

A compañía Plexus é pioneira no sector das novas tecnoloxías e creou dende os seus inicios preto de 300 postos de traballo directos en Galicia e noutras comunidades autónomas españolas, nas que xa conta con seis oficinas. Unha ampla porcentaxe deses postos de traballo están cubertos por titulados e tituladas en enxeñería informática procedentes principalmente das universidades galegas, que realizan actividades relacionadas coa consultoría, a investigación, o desenvolvemento de software, app móbiles, webs de tecnoloxía social e solucións de conectividade.

A UNIVERSIDADE DA CORUÑA IMPLANTARÁ ESCRITORIOS VIRTUAIS NAS AULAS, LABORATORIOS E DESPACHOS

Ao abeiro dun convenio asinado coa empresa **Inycom**



Xosé Luís Armesto, reitor da UDC, e **Gabriel Barreiro**, delegado de **Inycom** en Galicia

A Universidade da Coruña comezará a implantar escritorios virtuais despois de que o reitor, **Xosé Luís Armesto**, e o representante da empresa Instrumentación y Componentes S.A. (Inycom), **Gabriel Barreiro**, asinasen un convenio ao respecto o pasado día 4 de abril.

Nunha primeira fase, acometerase a implantación de mil escritorios virtuais que darán servizo ao profesorado, alumnado e ao persoal de administración e servizos, pero o proxecto está pensado para poder soportar ata 4.000 postos. Os escritorios virtuais permitirán que o usuario acceda aos datos do seu ordenador a través de calquera dispositivo electrónico e en calquera lugar sen ter que estar presencialmente diante do seu computador. Os datos de cada usuario estarán gardados nun único servidor central aos que se poderá acceder desde calquera lugar no que se atope o usuario.

Esta infraestrutura, segundo explicou o reitor, permitiralle á Universidade da Coruña “a actualización e modernización dos dispositivos electrónicos nas aulas, nos laboratorios e nos despachos facilitando o acceso ao alumnado e ao persoal aos seus datos”. Pola súa parte, o representante da empresa Instrumentación y Componentes SA, comentou que estes contornos estaban cada vez máis demandados por sectores nos que se require un acceso rápido e áxil aos datos, xa que isto permite que, por exemplo, un profesor poida acceder de xeito inmediato ao seu escritorio desde a aula na que está impartindo clase.

No acto de sinatura do convenio estaba presente tamén o director do proxecto, **David Torres**, quen resumiu as vantaxes que terá a implantación dos escritorios virtuais: dispoñibilidade, accesibilidade e seguridade. Torres sinalou que a cuestión de seguridade dos datos é importante ao estar centralizados nun único servidor central. Ademais, suporá un aforro enerxético, xa que o consumo de cada equipo pasará de 125 a 15 vatios. O aforro será, por tanto, económico ao engadir tamén o menor mantemento dos equipos informáticos.



Emprender coas TIC tamén é cousa de rapazas: Proxecto ICT-Go-Girls!

O 95% de todos os traballos requiren hoxe algún grao de coñecemento das TIC, segundo resalta **Brahima Sanou**, director da oficina de desenvolvemento da ITU (International Telecommunications Union). A Comisión Europea resalta que na actualidade só o 30% do sector TIC está formado por mulleres, e sofren de infrarrepresentación en todos os niveis neste sector, sobre todo nos máis decisivos, a pesar do rápido crecemento que experimenta o sector a nivel europeo, con cerca de 120.000 novas ofertas laborais anuais. Esta desigualdade é un factor clave na determinación da C.E. da previsible carencia de máis de 700 mil traballadores especializados en TIC para o ano 2015 en Europa.

Neste contexto, é necesario que as mulleres sexan parte activa na creación, non só no consumo, das tecnoloxías que marcan as nosas vidas. E a solución para que isto suceda a curto prazo non é sinxela, porque as decisións sobre a orientación académica no ámbito das TIC é algo que ven dende antes da universidade.

Segundo os datos de 2010 recollidos pola CPEIG das propias universidades, todas as titulacións directamente relacionadas coas TIC, tanto en carreiras de informática como telecomunicacións, contan cunha enorme desproporción entre alumnas e alumnos, chegando nalgúns casos a haber unicamente un 11,9% de mulleres fronte ao 88,1 de homes.

O Centro de Supercomputación de Galicia, entidade que este ano cumpre os 20 anos de existencia, e que tamén conta entre os seus traballadores cunha enorme desproporción entre mulleres e homes de perfil técnico, lidera dende novembro de 2012 unha iniciativa novidosa para mellorar as habilidades emprendedoras das mozas que estudan educación secundaria a través das tecnoloxías da información e as comunicacións. Dita iniciativa desenvolverá unha metodoloxía de aprendizaxe, unhas probas e a avaliación dun programa piloto.

ICT-Go-Girls! é un proxecto no que participan 7 institucións europeas, entre elas, dúas galegas: o propio CESGA e a Universidade de Santiago de Compostela, ás que se unen a Universidade Stuttgart-Fraunhofer IAO de Alemaña, Die Berater e a Universidade do Danubio de Austria, Universidade de Xestión SAN de Poloña e a CVO Antwerpen de Bélxica. Ademais destas institucións, conta coa colaboración do CPEIG, a Consellería de Educación e Cultura e a Secretaría de Igualdade da Xunta de Galicia, IBM España e o Departamento de Educación de Queensland, en Australia.

A primeira fase do proxecto, na que se atopa na actualidade, consiste na análise doutras iniciativas postas en marcha con anterioridade en Europa e fóra dela (uns dos referentes é Aus-

tralia), e orientar así **ICT-Go-Girls!** na dirección máis axeitada. A continuación definiranse metodoloxía, ferramentas e recursos para levar o proxecto a dous centros educativos de secundaria en cada país, facendo uso da experiencia das entidades participantes nos eidos tecnolóxico, de negocios e educativo para aplicar finalmente o programa piloto. En Galicia, os dous centros escollidos son o CPI de Cruce, en Cereda, e o IES Rosalía de Castro, en Santiago de Compostela.

ICT-Go-Girls! é un proxecto no que participan 7 institucións europeas, entre elas, dúas galegas: o propio CESGA e a Universidade de Santiago de Compostela

O esforzo completárase creando, seleccionando e adaptando contidos educativos e de entretemento que faciliten ás rapazas de secundaria a motivación de achegarse ás TIC e, a través delas, acadar o obxectivo de promover a cultura emprendedora entre as mulleres.

O proxecto construírase en torno a recursos e ferramentas de código aberto e accesible libremente, coma as destinadas á creación de e-portfolios, simuladores de xogos, actividades educativas e de entretemento virtuais, deseño dixital, redes sociais entre as rapazas participantes, construción de contornas en 3D, escaparates virtuais de compañías, concursos e xogos entre os centros de ensino participantes, entre outros puntos.

Haberá ademais entrevistas en vídeo a mulleres emprendedoras no ámbito das TIC, actividades de tutorización por mentoras, e mesmo unha rede social que servirá de marco de comunicación para as experiencias piloto entre os centros de ensino secundario participantes e para integrar recursos, ferramentas e propostas.

A actuación máis inmediata é a celebración no CESGA o día 25 de abril, en conxunto coas institucións galegas colaboradoras coa experiencia, entre elas o CPEIG, do Día Internacional das Rapazas nas TIC (Girls in ICT), que fomenta a ITU, e este ano, co-organiza xunto coa Comisión Europea e o Parlamento Europeo.



Maria R. Malmierca

Coordinadora do proxecto **ICT-Go-Girls!** e responsable da área de e-learning e colaboración do CESGA.

La Voz de Galicia | 25 de xaneiro de 2013

VIDA DIGITAL

El CPEIG pide la implicación de los poderes públicos para proteger la seguridad y privacidad de los menores

El lunes se celebra en Europa el Día de la Protección de Datos

LA VOZ

25 de enero de 2013 12:10

El Colegio Profesional de Ingeniería en Informática de Galicia quiere poner de manifiesto la necesidad de que los poderes públicos colaboren en la seguridad de la privacidad de los menores en el uso de Internet, aprovechando la celebración el próximo lunes del Día Europeo de la Protección de Datos.

Desde el punto de vista del CPEIG, sería preciso incorporar a los planes de estudio el aprendizaje sobre el control de los datos personales de los niños en la Red, puesto que el desconocimiento del control efectivo sobre esa información y los datos de terceras personas motivan la aparición de casos como el acontecido recientemente en A Coruña. En esa ocasión, la difusión masiva de material gráfico íntimo de una serie de niñas a través de las redes sociales hizo saltar las alarmas sobre la seguridad y privacidad de las menores.

El CPEIG diseñó y puso en marcha, en colaboración con la Xunta, el programa Navega con Rumbo polo Ciberespazo, una iniciativa encaminada a que escolares, padres, madres y profesorado tomen conciencia de los riesgos de la red, para evitar el ciberacoso y otros problemas también relativos a las redes sociales.


Por otra parte, la próxima junta de goberno del CPEIG abordará la creación de una comisión dedicada íntegramente a estudiar y planificar acciones e informes en favor de la protección de datos.

★★★★★ 2 votos

Publicidad



Xunta de Galicia | 2 de abril 2013

Iniciativas de Modernización e
Innovación Tecnolóxica

Actualidade / Novas



A Amtega e o Colexio de Enxeñaría Informática crearán unha rede de asesores tecnolóxicos para pemes e autónomos

- O obxectivo é axudar ás empresas a integrar as solucións TIC máis axeitadas ao seu modelo de negocio para mellorar a súa produtividade
- Outra das liñas de colaboración é a elaboración dun estudo sobre a situación laboral das Enxeñarías Informáticas en Galicia

Santiago | 02/04/13

Escuchar

Titorizar ás empresas na selección e adopción da solución TIC máis axeitada ás súas necesidades será o obxectivo da Rede de Asesores Tecnolóxicos que porá en marcha o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) coa colaboración da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Esta iniciativa é unha das tres actuacións recollidas no convenio de colaboración asinado esta mañá entre a directora da Amtega, Mar Pereira, e o presidente do Colexio, Fernando Suárez. A Axencia achegará 66.000 euros ao CPEIG para o desenvolvemento destas accións.

Asesores Tecnolóxicos

A rede de Asesores Tecnolóxicos dirixirase a pemes, microempresas e autónomos que queiran afrontar unha modernización tecnolóxica do seu negocio para ser máis competitivos. A rede, integrada por profesionais do Colexio, axudará ás empresas a definir as súas necesidades tecnolóxicas en función do seu modelo de negocio e a adoptar aquelas que poidan mellorar a súa eficiencia e produtividade. Nesta selección, primaranse as solucións baseadas en software libre.

Para difundir a iniciativa, realizaranse xornadas presenciais en diferentes cidades galegas, nas que se recollerá información das empresas interesadas en participar no programa de diagnóstico, formación e asesoramento personalizado. A rede dará asesoramento online continuado e permanente aos interesados.

Situación Laboral das Enxeñarías Informáticas

No marco deste convenio o Colexio elaborará un estudo sobre a situación laboral dos profesionais da Enxeñaría en Informática procedentes das tres universidades galegas.

Entre outros indicadores o estudo incluírá a porcentaxe de enxeñeiros que está traballando dentro e fóra de Galicia, a súa distribución xeográfica, o tipo de traballo que están a desenvolver, o tipo de industria e sector que os empregan, as súas necesidades formativas, o grao de satisfacción persoal coa profesión ou as súas expectativas profesionais.

O documento completárase con comparativas respecto a situación existente na edición anterior, correspondente ao ano 2008 e coa situación a nivel estatal.

Actividades formativas e de difusión

O CPEIG realizará tamén actividades de formación destinadas aos profesionais informáticos da Administración autonómica. O itinerario formativo abordará as materias dun xeito fundamentalmente práctico e combinarán a formación presencial e a telefonación.

Faro de Vigo | 28 de xaneiro de 2013

Fernando Suárez - Presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática (CPEIG)

‘El cumplimiento de la ley de protección de datos es bajo entre empresas y usuarios’

Los ingenieros en informática gallegos abogan por la formación en el uso de redes sociales

28.01.2013 | 07:34

ÁGATHA DE SANTOS - VIGO Solo tres de cada diez empresas privadas han inscrito sus ficheros en la Agencia Española de Protección de Datos, según los datos de 2012 del Instituto Nacional de Tecnologías de la Comunicación. Una de las principales razones es, según Fernando Suárez, presidente del Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática (CPEIG), el desconocimiento de la Ley Orgánica de Protección de Datos (LOPD), que establece los derechos y deberes ante la información de carácter personal. Con motivo del Día Europeo de la Protección de Datos que se conmemora hoy, Suárez aboga por emplear el sentido común cuando se manejan datos personales, especialmente en Internet, y formar a los jóvenes en el manejo correcto de las redes sociales, ya que su inmediatez multiplica el posible daño que puede hacer la difusión de determinada información.

-Se habla mucho de la protección de datos, pero ¿sabemos qué es?

-La protección de datos personales está recogida como un derecho fundamental en nuestra Constitución, aunque sea la gran desconocida, sobre todo cuando hablamos de las nuevas tecnologías. Todos conocemos las últimas alarmas de intromisión en la propia intimidad. Frente a esto, es necesario impulsar el conocimiento sobre los derechos sobre la protección de datos, pero también sobre nuestras responsabilidades. Las empresas tienen la obligación de declarar los ficheros de datos que tienen y no hacerlo conlleva una sanción económica. Sin embargo, hay una gran diferencia entre el número de empresas y las que han presentado sus ficheros. Pero no solo las empresas manejan datos personales. Todos, en mayor o menor medida, los manejamos, y tenemos que conocer qué podemos y qué no podemos hacer con estos datos porque somos responsables de ellos. Cualquiera dato que pueda identificar a la persona: el apellido, el teléfono, la voz? es personal, y por tanto, no se puede difundir sin su consentimiento.

-¿Qué nivel de cumplimiento tiene la ley?

-Bajo entre las empresas y más aún entre los usuarios. El número de empresas que declaran sus ficheros está muy por debajo del número de empresas. Pero el desconocimiento de la ley no es el único de su cumplimiento, y las infracciones están tipificadas de forma muy clara en leves, graves y muy graves, con sanciones económicas que en España son muy elevadas: hasta 600.000 euros, que pueden aplicarse por difundir datos sindicales, recoger datos de forma engañosa, y difundir la orientación sexual o religiosa.



Fernando Suárez preside el Colegio de ingenieros informáticos.

El Correo Gallego | 23 de febreiro de 2013

★★★★★ 3,8/5

Comentar (0)

Me gusta (2)

Twitter (2)

Imprimir

Enviar por correo

{ TRIBUNA LIBRE }

FERNANDO SUÁREZ LORENZO

Gobierno aberto

Hoxe celébrase o Día Internacional do Open Data. Esta iniciativa ofrece a oportunidade de penetrar no coñecemento dos cambios que están a propiciar as Tecnoloxías da Información ao noso redor. O goberno aberto pretende establecer unha nova estratexia de relación entre os cidadáns e o sector público en todas as súas dimensións. Os eixos clásicos sobre os que pivota son a transparencia, o fomento da participación e a colaboración. Esta nova mentalidade permite tratar os cidadáns como protagonistas no lugar de como consumidores pasivos en temas tan básicos como a educación, sanidade ou seguridade social.

Un dos compoñentes máis mencionados ultimamente é o que coñecemos como Open Data e Reutilización da Información do Sector Público (RISP), que consiste en pór a información das distintas administracións dispoñible en formatos estándar que faciliten o seu acceso e permita a súa reutilización.

O sector público produce unha gran variedade de información que é potencialmente reutilizable polos cidadáns e pola industria de contidos dixitais. Esta información ten unhas características que a fan particularmente atractiva para o sector dos contidos dixitais, xa que é de calidade, completa e fiable. Ao mesmo tempo, as TIC cambiaron radicalmente as vías de acceso á información en xeral e á información do sector público en particular, facilitando considerablemente a recollida de información, a súa difusión, posta a disposición e transformación.

Xorde, deste xeito, un novo sector, o infomediario, formado por aquel conxunto de empresas que xeran aplicacións, produtos e/ou servizos de valor engadido destinados a terceiros, a partir da información do Sector Público. Para que estas iniciativas teñan éxito debe producirse un diálogo permanente entre ambas as partes, onde a oferta satisfaga a demanda de información pública e onde o resultado da transformación desá información en bruto satisfaga á súa vez necesidades da cidadanía.

A estimación do volume de negocio asociado directamente á actividade infomediaria sitúase entre 550 e 650 millóns de euros. Por tanto, Open Data e RISP constitúen elementos xeradores de emprego e riqueza ao abrir a posibilidade de novas oportunidades de negocio para emprendedores que poden crear novas aplicacións, servizos e produtos en base a esta información.

Presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG)

publicidad

Comprar New Buyers

Products From us \$0.06

US \$3.99 / piece

US \$50.90 / piece

Shop now AliExpress



Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia

O CPEIG DEFENDE OS TEUS INTERESES

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) é un dos colexios profesionais máis activos na defensa dos intereses das súas colexiadas e colexiados e o medio a través do cal os profesionais do sector poden participar no ordenamento e na regulación do ámbito da enxeñaría en informática.

O CPEIG agrupa a todas as persoas que, tendo o título oficial de Enxeñaría en Informática ou Licenciatura en Informática, desenvolven actividades propias da profesión en Galicia. Cunha estrutura interna democrática e independente das Administracións públicas, o CPEIG constituíuse no mes de decembro de 2007 como corporación de dereito público e de carácter profesional, con personalidade xurídica propia que se rexe pola normativa vixente na materia e polos seus estatutos. Con sede en Santiago de Compostela, na actualidade conta con 350 persoas colexiadas.

O CPEIG OFRÉCECHE SERVIZOS:

- _ Bolsa de emprego
- _ Cursos de formación
- _ Xornadas
- _ Docencia
- _ Seguro de responsabilidade civil gratuíto

O CPEIG OFRÉCECHE INCORPORARTE A:

- _ Programa Navega con Rumbo polo Ciberespazo. Charlas remuneradas nos centros escolares a prol dunha navegación en Internet segura e responsable.
- _ Corpo Oficial de Peritos (COP).
- _ Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia

BENEFICIOS COLEXIAIS

Os colexiados e as colexiadas poden beneficiarse de condicións vantaxosas nos seguintes organismos e empresas:

- _ Universidade Europea de Madrid
- _ Escuela Europea de Negocios
- _ ADESLAS
- _ Hotel Puerta del Camino (Santiago de Compostela)
- _ Hoteis NH (é válido para todos os NH)
- _ ING
- _ Asociación para el Progreso de la Dirección (APD)
- _ Banco Sabadell
- _ Novagalicia Banco
- _ Díaz de Santos
- _ Escuela de Negocios Novacaixagalicia

- _ Hotel Louxo A Toxa
- _ Hoteles Eurostars
- _ Hoteles High Tech
- _ Hotel Torre do Deza (Lalín)
- _ HP
- _ León y Pérez Abogados
- _ Abogados Pintos y Salgado
- _ pQliar
- _ Sanitas
- _ Viaxes Vitoria

CÓMO COLEXIARSE

Documentación:

- _ Fotocopia do DNI ou pasaporte
- _ Fotocopia compulsada do título de Licenciado/a ou Enxeñeiro/a en Informática.
- _ Documento da entidade bancaria onde consten o/a solicitante da colexiación como titular da conta e todos os díxitos da mesma,
- _ Formulario de colexiación cumprimentado e asinado.

Cota:

60 euros semestrais

COMO PRE-COLEXIARSE

Poden realizar a pre-colexiación as persoas que estean cursando os estudos de Enxeñaría en Informática e teñan un mínimo do 80 por cento dos créditos superados.

Documentación:

- _ Fotocopia do DNI ou pasaporte.
- _ Fotocopia compulsada da matrícula nos estudos de Enxeñaría en Informática.
- _ Fotocopia do certificado académico.
- _ Documento da entidade bancaria onde consten o/a solicitante da colexiación como titular da conta e todos os díxitos da mesma,
- _ Formulario de colexiación cumprimentado e asinado.

Cota:

30 euros semestrais.

A documentación para colexiarse ou pre-colexiarse debe entregarse ou remitirse por correo ordinario á sede do CPEIG, situada na Rúa Fernando III O Santo, 32-baixo, 15701 Santiago de Compostela.

Podes ampliar esta información na web

www.cpeig.org

ou a través do enderezo electrónico

información@cpeig.org

Teléfono: 981 553 355

Fax: 981 553 997

OfiRaee

Oficina de Coordinación para la gestión de los
Residuos de Aparatos Eléctricos y Electrónicos de
los Puntos Limpios municipales

**UNIDOS POR EL RECICLAJE,
COMPROMETIDOS CON EL ENTORNO**



**European
Recycling
Platform**

